



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Os estudos de posgrao conducentes os títulos de magister, e de especialista, matriculan curso tras curso un maior número de alumnos que, como alumnos universitarios, necesitan e requiren que se lles presten determinados servicios. Co devandito obxecto faise necesario a expedición dun documento que os acredite como tales e que recoñeza a que servicios universitarios poden acceder.

## **POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVE:**

**PRIMEIRO.** Ós alumnos matriculados en estudos de posgrao, de especialidade ou mestrado, expediráselles un carné que terá efectos de acreditar que son alumnos dun curso determinado, e recoñeceralles o acceso ós servicios que máis adiante se sinalan.

**SEGUNDO.** O carné será expedido polo Secretario Xeral da Universidade, figurando preimpresa a súa sinatura, e debendo ser asinado, tamén, e de forma autógrafa, polo director do curso. O carné terá efectos exclusivamente no período no que se imparta o curso, constando nel a data da súa caducidade.

**TERCEIRO.** O carné que se expida ós alumnos recoñecerá o acceso ás bibliotecas da Universidade, así como o acceso, nas condicións en que regulamentariamente estea previsto, ó resto de servicios universitarios, a excepción do acceso ó sistema Universitario de Residencias e a Escola Infantil Breogán.

**CUARTO.** O formato do carné será aprobado polo Secretario Xeral da Universidade.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.** Ós alumnos do Instituto de Criminoloxía expediráselles un carné que levará aparellados os mesmos dereitos que ós alumnos de posgrao

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 1997

O RECTOR  
(Por R. R. do 16/12/1997)  
O VICERRECTOR DE INVESTIGACIÓN  
E DO TERCEIRO CICLO

José Sergio Casas Fernández

Sr. Xefe do Servicio de Alumnado  
Pavillón Estudiantil  
Campus Sur  
Santiago de Compostela